

2001: O estado da banda

Xermán Hermida

Na altura de febreiro de 2002...

Logo dun longo ano de constante efervescencia, no soportal BD de Culturagalega.org comprobamos como a actividade arredor da novena arte durante o 2001 se incrementou significativamente con respecto a anos anteriores, e constatamos que, sen dúbida, estamos nun dos intres de maior eclosión creativa e mesmo a nivel de publicacións da toda a historia da BD galega. Ademais deuse a circunstancia de que varios autores acadaron publicar en editoriais foráneas ou foron recompensados con premios a nivel estatal. Haberá que estar atentos para ver se desta volta se dá ó salto á profesionalización e normalización do sector no país.

Publicacións

A pesar de que o número de fanzines editados no 2001 non foi moi alto, atopamos este ano a aparición de varias publicacións cun formato profesional. Aínda que a desaparición en maio da revista "Golfinho" deixou a nosa BD orfa dunha publicación infantil/xuvenil, a continuidade e afortalamiento doutros proxectos (máis orientados a público xuvenil/adulto) aseguran ós autores galegos a posibilidade de verse publicados aínda que non moi profesionalmente, no país.

Durante o 2001 e con visos de continuidade coñecemos as seguintes publicacións e proxectos editoriais en Galicia:

"BD Banda": A única revista de BD galega a día de hoxe naceu sorpresivamente o Día das Letras do 2001. Coordinada por Kiko da Silva desde Pontevedra e con dous números, pretende ser un escaparate dos debuxantes galegos. De periodicidade semestral, achega unha boa chea de páxinas polas que vai pasando a práctica totalidade dos autores actuais. Conta cunha subvención do Concello de Pontevedra, polo que os seus promotores aseguran unha continuidade mínima de dous ou tres números máis. No seu segundo número incorporáronse á realización desta revista algúns dos antigos membros de Frente Comixario en tarefas de deseño e impresión, o que permitiu darlle un aspecto altamente profesional. Os setecentos exemplares do número un están practicamente esgotados e os mil do segundo número levan un bo ritmo de vendas.

Polaqja: Colectivo de autores composto polo guionista Kike Benlloch e polos debuxantes Jano, Bernal, Alberto Vázquez, David Rubín e Diego Blanco. Con ocasión do salón "Viñetas desde o Atlántico" do 2001 editaron eles mesmos "Mmmh!!", unha colectánea de historias curtas que comparten a característica de seren mudas. Unha interesante experiencia narrativa que foi acollida positivamente polos medios e a crítica de todo o estado. Para o 2002 anuncian

abondosos proxectos, algunha deles orientado cara a autopublicación e outras para editores externos. Cando menos prometen un novo lanzamento para o vindeiro Salón de Coruña, o que non é pouco.(Máis información)

O fanzine das Xornadas: Con motivo das XIII Xornadas de BD de Ourense apareceu o número oito do Fanzine das Xornadas, con traballos curtos de diferentes autores galegos e unha selección de historias publicadas en varios fanzines europeos, ademais de varios interesantes artigos sobre o mundo da BD. Esta publicación está coordinada por Henrique Torreiro e publicada polo colectivo Phanzynex. Agardamos un novo número para as vindeiras xornadas. Máis información.

Semana da Banda Deseñada: Coincidindo coa segunda edición desta mostra itinerante viu a luz a segunda edición desta publicación, que recolle textos sobre historia xeral da novena arte con páxinas realizadas por autores do país. Ademais, explica diferentes aspectos sobre a BD para un público xuvenil. Esta publicación foi editada pola Xunta de Galicia e coordinada por Henrique Torreiro e Bieito Losada. Está prevista unha edición para abril, cando se poña en marcha a vindeira semana itinerante da BD. Máis información.

II Certame Galego de Imaxe Artística: BD 2001: Publicación que recolle os traballos gañadores deste certame, editado pola Consellería de Xuventude da Xunta de Galicia. A vindeira edición realizarase en outubro coincidindo coa entrega de premios na Xornadas de Ourense.

La Cucaracha Feliz: Un proxecto moi pouco coñecido de Diego Blanco e de T. Mel: Os fanzines de peto, editados en tamaño tarxeta, o mesmo formato que empregan certas congregacións relixiosas para os seus panfletos. Polo de agora levan editadas dúas entregas de "Las aventuras de Jesucristo en el Oeste" e a aventura "La iniciación masónica del Tío Gilito". O seu proxecto e realizar máis historias e despois vendelas conxuntamente. Este proxecto ten a súa versión na web Novenoarte.

"Comikaze": A comezos do 2001 viu a luz o sexto número deste veterán fanzine editado desde Porriño. Nesta ocasión os autores presentaron un "Especial Ghuevo" con abondosas historias que xiran arredor deste elemento. Para comezos do 2002 anunciaban o séptimo. Máis autores novos presentan o seu traballo nunha das publicacións máis veterás do país.Web do fanzine.

"Contubernio": Durante o 2001 viu a luz o número oito deste fanzine realizado en Viveiro e no que podemos ler abondosas historias ambientadas nesta mesma vila. Traballos de Diego Blanco, Brais Rodríguez, Daniel Pazos e outros nunha das experiencias máis veterás da nosa BD. Máis información.

"Sintoteca": Un novo fanzine que viu a Luz na Coruña en 2001 con traballos de Jano, Alberto Vázquez, Diego Blanco, Anxo Cuba e Kike Benlloch entre

outros. Un proxecto que continúa coa publicación dun segundo número en febreiro do 2002. Os dous números acompañanse de cadanseu CD de música electrónica. Máis información. Máis información.

"A prueba de balas": Fanzine manga editado con ocasión de Viñetas desde o Atlántico. Contén unha única historia realizada por Enma Ríos Maneiro, que forma parte dunha saga que esta debuxante pretende completar.

"Gas butano": Durante o 2001 editáronse varios números deste fanzine coruñés que incluía traballos de Jano e Alberto Vázquez entre outros.

IV Catálogo de Viñetas desde o Atlántico: Publicación que recolle as mostras realizadas con ocasión deste salón.

Certame de Cómic de Arteixo: Aínda que no ano 2001 non viu a luz a publicación cos gañadores da VI do certame, en xaneiro do 2002 o concello un novo número desta publicación, polo que agardamos a súa continuidade de cara ó 2003. Máis información.

Outras publicacións realizadas con fins promocionais foron "Muralla Romana de Lugo: Unha aventura no tempo", realizada por Ariel Campoy e editada polo xornal "El Progreso" con ocasión do primeiro aniversario da declaración deste monumento como Patrimonio da Humanidade. Tamén foi a BD o soporte escolleito polo Concello de Vigo para desenvolver unha campaña contra o alcoholismo baixo o título "Bebes ou te moves". A realización correu a cargo de Rafa Fernández. Finalmelnte, tamén desde Vigo puidemos ver a finais do 2001 a publicación "Asun , Roque y el Cristo de la Victoria", un traballo de Anxo Fariña con guión de Joaquín Rolland que pretende facernos amar Vigo e o Cristo da Victoria.

Ademais, o xornal "Diario de Pontevedra" inclúe cada domingo unha páxina da historia coleccionable realizada por Fernando Iglesias e "La Opinión" vai xa pola segunda historia por entregas de Javier Prieto.

Podes ler unha lista de traballos publicados en Galicia no 2001 nesta noticia do soportal

Xornadas

Viñetas desde o Atlántico: As xornadas máis importantes de Galicia e quizais do estado consolidáronse no 2001 coa súa cuarta edición atraindo á Coruña a uns 60.000 visitantes e contando coa presenza de destacados debuxantes europeos e americanos, abondosas mostras e stands das principais librerías e editoriais de toda España. A súa continuidade semella garantida para o vindeiro ano dado o apoio que o Concello da Coruña está a prestar a este evento de importancia internacional. Verémonos na Cidade Herculina a mediados de Agosto, aínda que nesta ocasión non será na Estación Marítima, senón entre o Kiosko Afonso a sala de exposicións da Rúa Durán Loriga e o edificio do Concello. Máis información.

Xornadas de Banda Deseñada de Ourense: As máis veterás Xornadas de Galicia fixeron en outubro a súa XIII Edición confirmando unha vez máis a calidade e a importancia da produción de BD galega e consolidándose coma un referente indiscutible para os autores e afeccionados do país. A presenza de autores do Alén Miño deu a súa xusta dimensión internacional a unhas xornadas que aspiran a continuar medrando pasiño a pasiño. A vindeira cita será, de novo, cara a outubro, na Casa da Xuventude de Ourense. Web das XIII Xornadas. Máis información.

Xornadas de Banda Deseñada de Cangas: Xa van cinco edición dun encontro que vai medrando ano a ano. Orixinais de autores americanos, algunha visita internacional, películas, un certame e unha mostra novos valores que hai que ter moi en conta á hora de pensar no futuro do sector en Galicia. Para o 2002 anuncian un cambio de ubicación desde o pabillón do IES Rodeira cara o recién rematado Auditorio. O intre de achegarse ata alí será entre finais de xullo e comezos de agosto. Máis información.

Xornadas BD Banda: A sorpresa do ano. En novembro celebráronse no Pazo de Mugártegui de Pontevedra as I Xornadas BD Banda-Concello de Pontevedra, organizadas arredor da revista do mesmo nome. Exposicións de orixinais da revista, mesas redondas con autores que participaron nela e obradoiros de Bd foron as principais actividades. Para o 2002 prevese a súa continuidade, aínda que barállanse distintas datas e localizacións para a súa celebración. Máis información.

Certame de Cómic Arteixo: En xaneiro do 2001 celebráronse de novo nesta localidade, e coincidindo coa entrega de premios deste mesmo nome, unhas xornadas de dous días que contaron con proxeccións de películas e exposicións de novos autores galegos. No 2002 repetiron, presentando ademais a publicación cos traballos premiados nas últimas edicións do certame. Máis información.

Semana da Banda Deseñada: A segunda edición desta mostra itinerante de BD saiu á estrada en febreiro do 2001 e só parou o 26 de decembro logo de

visitar 23 concellos do país. Ademais de amosar orixinais de autores galegos, a Semana leva por toda Galicia unha bedeteca móbil con clásicos da novena arte e inclúe a edición dunha publicación sobre BD. Máis información.

Semana do Cómic do IES As Telleiras: En abril do 2001 botaba a andar neste instituto de Narón esta actividade que pretendía achegar a novena arte ós alumnos. Ademais a instalación dunha sala de lectura para BDs e de adquirir unha boa cantidade de albuns para a biblioteca do centro, a semana incluíu a visita de varios debuxantes galegos ó instituto, que amosaron ós rapaces como se fai unha banda deseñada. No 2002 repetiron experiencia realizando ademais un certame de BD entre os alumnos do centro. Máis información.

Webs

Durante o 2001 creáronse unha boa cantidade de webs dedicadas á BD ou que reflicten a novena arte en parte dos seus contidos.

Banda Deseñada en culturagalega.org: Esta web foi dando conta ó longo de todo o ano da actualidade do sector da BD en Galicia e foi incorporando nas súas seis actualizacións unha boa cantidade de fondos de escritorio ademais de ampliar as fichas de autores e de fanzines, as ligazóns a webs do país e

Polaqia: Web deste colectivo, inclúe unha sección de noticias e reseñas de prensa.

Novenoarte: Os traballos de Diego Blanco e Tito Mel na rede

XIII Xornadas de Ourense: Esta web, aporta o programa das Xornadas e permite descargar o catálogo da exposición de fanzines en formato pdf.

Bravú.net: Este portal, xurdido no 2001, vén incorporando regularmente noticias sobre BD, e entre os seus proxectos está poñer na rede traballos neste formato.

Kike Benlloch: Web persoal deste guionista e autoeditor de BD. Nela poden verse algúns dos seus traballos, así como reseñas e artigos sobre o tema.

A presenza

As diferentes iniciativas que foron nacendo este ano acadaron que os medios galegos recollesen a presenza da BD máis do que se tiña visto desde o tempos de Frente Comixario, incluíndo entrevistas a diferentes autores e reportaxes sobre as distintas xornadas. Esta atención chegou mesmo a revistas especializadas españolas coma "Little Nemo" ou a "Guía del Cómic" de Undercomic que referencian algúns dos lanzamentos patrios. En Terra.es vimos hai uns meses como lle dedicaban unha reportaxe á BD galega incluíndo unha entrevista a David Rubín.

Por se fose pouco, a actualización da Gran Enciclopedia Galega realizada este ano incorporou por primeira vez a entrada "Cómic", realizada por Carlos Portela. Baixo este epígrafe podemos atopar un interesante artigo no que se resume a historia da novena arte no noso país.

Agardamos que esta presenza non faga máis que medrar de aquí en adiante.

Traballos fóra

A presenza da BD galega fóra do país veu marcada nos últimos doce meses pola publicación en Francia, da man de Humanoides Asociées do primeiro volume de "Les Heresiarches", unha tetraloxía debuxada por Das Pastoras sobre un guión de Carlos Portela.

Outros autores que acadaron saír fóra foron Miguel Anxo Robledo e Fran Jaraba, que viron publicadas senllas historias na web de BD Whamcomics.com, de Miami. Mentres, autores coma Norberto Fernández ou José Gimeno continuaron a súa colaboración con publicacións coma "Kiss Comix" ou a

italiana "Skorpio" respectivamente. Norberto tamén participou na antoloxía "Magical Mystery Moore", un volume editado pola española Sulaco Edicións na que autores de todo o estado daban forma gráfica ás cancións do coñecido guionista Alan Moore.

Proxectos

Para o 2002 está prevista a consolidación dos diferentes proxectos que están a xurdir na BD Galega. Así, a revista "BD Banda" continuará cun maior número de coordinadores e aspiracións a converterse nun referente a nivel estatal. Desde Polaquia agárdase publicar algún traballo en editoriais españolas e continuar a súa tarefa de autoedición. Pola súa banda, Miguelanxo Prado continuará desenvolvendo os seus novos proxectos, algún dos cales podería verse publicado antes do 2003. Sen data, pero inicialmente previstos para esta primavera, están os álbumes "Cita na Habana 2" de Fran Jaraba e "A retirada de Sir John Moore" de Pepe Carreiro, que deberían ver a luz da man de Xerais.

Tamén están en desenvolvemento unha banda deseñada sobre o mundo sindical e outra de seguridade vial que verán a luz antes do outono.

Seguimos pendentes de proxectos anunciados para este ano coma a creación de senllas asociacións de afeccionados na Coruña e en Vigo ou a continuidade de fanzines coma "Alopecia Mental".

E a ver que novas sorpresas nos achega o ano....